



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº: 1573/2018

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018 E FIXACIÓN DO TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO

VISTA a necesidade de proceder á aprobación do orzamento municipal para o actual exercicio 2018.

CONSIDERANDO o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no RD 500/1990, do 20 de abril.

CONSIDERANDO o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, que establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos. De acordo co informe da Intervención Municipal ao orzamento, o límite de gasto non financeiro ascende a 7.422.771,56 €.

Propoño ó Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprobe a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2018, segundo o seguinte detalle por capítulos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULOS:

CAP.	DENOMINACION	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.737.487,59 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	81.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS	1.223.619,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.608.532,79 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	66.282,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.752.317,50 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	1.128.709,26 €
	TOTAL	9.602.948,14 €

B) GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULOS:

CAP.	DENOMINACION	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	3.104.708,00 €

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERV.	2.835.890,07 €
3	GASTOS FINANCEIROS	31.837,48 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	309.000,00 €
6	INVERSIONS REAIS	3.142.814,03 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	154.467,96 €
	TOTAL	9.583.717,54 €

SEGUNDO: Aprobar o límite de gasto non financeiro por importe de 7.422.771,56 €, de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

TERCEIRO: Aprobar o cadro de persoal do Concello para o ano 2018, que consta incorporado ao expediente.

CUARTO: Aprobar igualmente as Bases de Execución para o desenvolvemento do Orzamento municipal.

QUINTO.- Á entrada en vigor do Orzamento anularanse aquelas modificacións orzamentarias aprobadas durante a vixencia do orzamento prorrogado sempre que estivesen incluídas nas previsións iniciais deste Orzamento.

SEXTO.- Dispoñer a súa exposición ó público polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

Concello de A Pobra do Caramiñal